



PREINSCRICIÓN “CAMPAÑA DE ESQUÍ 2018”

A Deputación da Coruña, programa unha campaña de esquí na estación invernal de Manzaneda (provincia de Ourense) para nenos e nenas de toda a provincia, nados nos anos 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007. Ao Concello de Sada concedéronlle 8 prazas para rapaces e rapazas empadroados/as no noso Concello e nos corresponde a 3ª quenda: do 23 ao 26 de febreiro.

As preinscricións para participar na Campaña de Esquí 2018 só se poderán entregar no Rexistro Xeral do Concello de Sada. O prazo de presentación será ata o 16 de xaneiro de 2018. Terán preferencia os rapaces que non foran a ningunha campaña de neve da Deputación Provincial.

No caso de recibir máis solicitudes que as prazas que temos concedidas, farase un sorteo público na área de Deportes (Entreplanta do edificio de Servizos Administrativos na Avenida da Mariña) ás 12:00 horas do día 17 de xaneiro, e avisarase por teléfono aos admitidos/as para indicarlles a documentación que deben presentar para confirmar a súa praza.

Cada participante aboará unha cota de participación de 85 euros. Non teñen que pagar a cota nin presentar documentación (excepto a preinscrición que se achega a este escrito) ata que o Concello lles confirme a praza. As solicitudes que non cumpran cos requisitos serán anuladas do sorteo automaticamente. Máis información na web do Concello de Sada (www.sada.gal)

Atentamente, a Concelleira de Deportes:
Zeltia García Ben

PREINSCRICIÓN: CAMPAÑA DE ESQUÍ 2018 (DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

Nome rapaz/a:

Data de nacemento/...../..... Centro Educativo:.....

Enderezo

Paí, nai ou titor/a:DNI:.....

Teléfono fixo: Teléfono móbil:

Correo electrónico.....

Ten asistido a outra Campaña de Esquí da Deputación Provincial da Coruña? SI NON

Sada,.....de.....de 2018.

SINATURA DO PAI, NAI TITOR/A